

Suxestión dirixida ao Concello de Pontevedra debido á esixencia de recollida en persoa da tarxeta de mobilidade reducida

Expediente: G.6.Q/5048/20

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2021

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito do escrito de [REDACTED] referente á esixencia de recollida en persoa da tarxeta de mobilidade reducida.

ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícanos que *“más de un año para que le den a mi madre la tarjeta azul, reconocida por el propio Concello de Pontevedra. El propio Concello llamó para comunicar su derecho a la tarjeta azul, pero reclaman que la recoja en persona, a pesar de tener yo poder para actuar en su nombre, en un 2º piso sin ascensor. Reclamé que vinieran a casa a traérsela, igual que vinieron a reconocimiento, pero no me contestan. No puedo entender que algo que es para gente con problemas de movilidad se exige recoger en persona en una segunda planta donde no funciona el ascensor. Más de un año con la tarjeta concedida y sin poder acceder a su derecho, ni me la dan a mí ni se la traen. Ya no sé qué hacer. Más en estos tiempos del covid”*.

2. Ante iso requirimos información a ese concello, que nola remitiu. No informe sinálase o seguinte:

“En relación á petición de información instada por esa institución por mor da queixa formulada por [REDACTED] relativa á obrigatoriedade de trasladar ata as dependencias municipais á veciñanza que padece enfermidades dolorosas a recoller a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade de forma presencial.

Cómpre sinalar, a resolución notificada electronicamente á persoa solicitante na data 15-12-2020 no expediente administrativo [REDACTED] tramitado nesta alcaldía pola entrada no rexistro xeral deste Concello, dos escritos de queixa formulados no asunto por [REDACTED] na data dez de novembro de 2020 e por [REDACTED] na data 29 de xaneiro do mesmo ano, que figura nese derradeiro escrito como representante da súa nai, [REDACTED].

Na antedita notificación, á oficina receptora de información e atención ao cidadán deste Concello, dou traslado da comunicación á persoa interesada, de información relativa ao

asunto contida no informe emitido polo xefe de Servizo de Benestar Social na data trece de decembro de 2020, que se xunta neste oficio.

Confiamos en que a información facilitada resulte relevante para a investigación iniciada e quedamos á súa enteira disposición para concretar calquera cuestión relativa ao particular e interesamos expresamente o arquivo da queixa formulada

ASUNTO: QUEIXA POLA A OBRIGATORIEDADE DE RECOLLER DE FORMA PRESENCIAL A TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA

Examinado o expediente instruído no asunto para a defensa dos dereitos dos veciños ante a Administración Municipal, resultan acreditados os seguintes:

FEITOS

- 1. Na data dez de novembro de 2020, tivo entrada no rexistro xeral do Concello de Pontevedra, un escrito de queixa formulado por ██████████ (filla da solicitante ██████████) relativo á obrigatoriedade de trasladar ata as dependencias municipais á veciñanza que padece enfermidades dolorosas a recoller a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade de forma presencial.*
- 2. Rexistrouse asemade, na data 29 de xaneiro do presente ano, unha nova instancia presentada por ██████████ que figura nese escrito como representante da súa nai, ██████████ No que solicita poder obter a amentada tarxeta por outro medio que lle permita a súa nai evitar o seu desprazamento ata a rúa Xofre de Tenorio desta cidade.*
- 3. Examinada a primeira instancia pola oficina receptora, remítese para a súa tramitación á Alcaldía, que inicia procedemento administrativo na data 16 de novembro de 2020, incorporando a documentación rexistrada posteriormente para a tramitación conxunta do procedemento administrativo ao tratarse do mesmo asunto.*
- 4. Analizada a forma e contido das mesmas, este servizo procedeu a admisión a trámite das solicitudes, por ter a consideración de reclamación, ao tratarse dunha queixa pola que pon en coñecemento do concello as posibles deficiencias e mal funcionamento dos servizos municipais (art. 157 e seguintes do Regulamento Orgánico do Pleno e das súas Comisións do Concello de Pontevedra, en adiante ROP).*
- 5. Segundo o establecido polo art. 164 do ROP, a oficina receptora dispuxo a súa remisión á xefatura do Servizo de Benestar Social, trasladándolle copia da mesma.*

6. Analizado o escrito, a dita xefatura emitiu na data trece de decembro de 2020, informe relativo á queixa formulada e demais circunstancias que considerou relevantes para a completa valoración do obxecto dela no ámbito das súas competencias, do que dou traslado á oficina receptora de información e atención ao cidadán para a súa comunicación á persoa que a presentou. Do que é relevante aos efectos o seguinte:

"(...) INFORME

O Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado por Real Decreto Legislativo 1/2013, do 29 de novembro, recolle entre os seus principios previstos no artigo 3, o de vida independente e o de accesibilidade universal. En coherencia cos devanditos principios, o artigo 30 prevé a adopción polos concellos das medidas adecuadas para facilitar o estacionamento dos vehículos automóbiles pertencentes a persoas con problemas graves de mobilidade ou mobilidade reducida, por razón da súa discapacidade.

O Estado regulou as condicións básicas de emisión e uso da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade no Real Decreto 1056/2014, do 12 de decembro, que no seu artigo 6.1 Condicións de uso A tarxeta de estacionamento expedida a favor e en beneficio dunha persoa a título particular para a súa utilización nos vehículos que use para os seus desprazamentos será persoal e intransferible e utilizada unicamente cando a persoa titular conduza un vehículo ou sexa transportada nel.

Neste Concello regulouse polo miúdo a emisión das tarxetas por Bando de 25 de febreiro de 2008. O bando prevé que "coa resolución favorable se expedirá a tarxeta de estacionamento. Unha vez asinada polo seu titular o Concello encargárase do proceso de plastificación da mesma, antes da súa entrega definitiva á persoa interesada".

É por iso que a persoa solicitante tense que desprazar a recoller a tarxeta solicitada. Ademais, non se entende que se a dita persoa non se pode desprazar precise da devandita tarxeta. (...)"

O que se lle informa para o seu coñecemento e oportunos efectos.

Agardamos que estas aclaracións sirvan para explicar o motivo da queixa formulada e promovan a súa comprensión dos feitos acontecidos.

SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS PROCEDENTES ANTE A COMISIÓN ESPECIAL

1º Segundo o disposto no art. 169 do Regulamento Orgánico do Pleno e das súas Comisións do concello de Pontevedra, os veciños que non reciban contestación escrita a unha reclamación no prazo de tres meses contados a partir da data do seu rexistro de entrada, ou que tendo recibido contestación non a consideren adecuada e satisfactoria, poderán dirixirse en queixa a Comisión especial de Suxestións e reclamacións, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello.

2º Se non considera adecuada e satisfactoria a contestación recibida, poderá dirixirse en queixa, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello, ante a Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións, ao abeiro do establecido no artigo 169 do Regulamento Orgánico do Pleno e das súas Comisións do Concello de Pontevedra.

3º As decisións que adopte o órgano de goberno competente sobre as suxestións e reclamacións expostas, ao non ter condición de acto administrativo, non poderán ser obxecto de recurso administrativo ou contencioso administrativo, en canto ao fondo, segundo o disposto no art. 171 do Regulamento Orgánico do Pleno e das súas Comisións do Concello de Pontevedra.

Non obstante, as persoas interesadas tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a dereito."

ANÁLISE

1. O ente local alega, basicamente, que regulou a emisión das tarxetas (bando de 25 de febreiro de 2008) coa previsión da "entrega definitiva á persoa interesada", do que deduce que "a persoa solicitante tense que desprazar a recoller a tarxeta solicitada". E engade que "non se entende que se a dita persoa non se pode desprazar precise da devandita tarxeta".

2. Porén, do bando municipal non se pode concluír o que pretende o concello; non se exclúe a posibilidade que se reclama, isto é, que a tarxeta se recolla por representante acreditado mediante poder para actuar en nome da persoa solicitante.

3. A solicitante ten dereito á tarxeta de aparcamento reservado para persoas con mobilidade reducida debido a que así se resolveu polo procedemento regulado ao que alude o informe, que se tramita polo órgano competente da Comunidade Autónoma. Por tanto, a actuación do concello é material e se centra en confeccionar e entregar a tarxeta acreditativa, sen prexuízo das posteriores comprobacións respecto do seu uso adecuado. E a única motivación plausible da necesidade de acudir en persoa é comprobar as circunstancias da persoa solicitante, o que, como sinalamos, xa se fixo polo procedemento correspondente.

4. É comprensible que determinadas persoas con mobilidade reducida desexen non verse abocadas a trámites ou xestións evitables, como estes, e que usen as tarxetas para outros desprazamentos (consultas médicas, ocio...). Iso sen prexuízo de que todas tramiten e obteñan a tarxeta como un medio de inclusión.

5. Con carácter xeral a cidadanía reclama non ter que facer xestións persoais que resultan prescindibles, polo que é lóxico que tamén o reclamen as persoas con mobilidade reducida.

6. Debe terse en conta que a queixa alega que “se exige recoller en persona nunha segunda planta onde non funciona o ascensor”, o que o ente local non aclarou.

7. A persoa que promoveu a queixa demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española (art. 49). Como consecuencia do anterior os poderes públicos, entre eles o concello, teñen a obriga principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, da Valedora do Pobo, facer chegar a ese Concello de Pontevedra a seguinte suxestión:

Que con carácter xeral se realice unha interpretación do bando de tarxetas para persoas con mobilidade reducida que permita que se reciban nos domicilios, de tal maneira que se eviten desprazamentos prescindibles, e que en todo caso se permita que as recollan as persoas debidamente autorizadas.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da resolución formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlles efectividade, tamén no seu caso.

En aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte a data na que formulou esta resolución incluíranse na páxina web da institución.

Saúdoo atentamente.

M^a Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo
(asinado dixitalmente)